

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNIS

#### CONSELLERÍA DO MAR

*ORDE do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024.*

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, establece no artigo 2 que a política pesqueira galega ten como finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais. No artigo 6 da lei establécense os obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, e co fin de asegurar estes, no artigo 7 recólleñense as medidas de conservación e xestión que a consellería competente poderá adoptar, entre elas a adopción de plans de xestión. Ademais, o artigo 28.4 da lei establece que a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de marisqueo terá, entre outros, o obxectivo da procura de que as explotacións marisqueiras sexan sustentables e economicamente rendibles.

Os plans de explotación marisqueira tiveron o seu desenvolvemento normativo no Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños. Por outra banda, o artigo 158 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamento e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a explotación de recursos específicos se realizará a través de plans de xestión. En desenvolvemento deste precepto, ditouse a Orde de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se ordenan todos os aspectos que afectan esta actividade, incluíndo as habilitacións para acceder á explotación xunto cos plans de xestión.

Na actualidade, o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece que a actividade de marisqueo de recursos específicos e de algas, tanto en zonas de autorización marisqueira como en zonas de libre marisqueo, se realizará ao abeiro de plans de xestión. Os plans de xestión terán carácter trianual e serán aprobados mediante orde da consellería competente en materia de marisqueo.



O decreto establece o réxime necesario para que a explotación dos recursos marisqueiros e das algas en Galicia se realice coas garantías de desenvolver unha xestión sustentable destes, e tendo en conta aspectos de carácter ambiental, económico, social e de emprego.

Os plans de xestión de recursos específicos conteñen medidas para a conservación e explotación dos recursos durante un período de tres anos para unha explotación sustentable nunha zona determinada, e incluirán obxectivos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais, niveis de referencia, indicadores de seguimento e estratexias de actuación. Os plans atenden a obxectivos biolóxicos relacionados co uso sustentable e a longo prazo dos recursos marisqueiros. Dentro dos obxectivos ecolóxicos destaca a participación das persoas mariscadoras en actividades relacionadas coa protección da biodiversidade e ecosistemas mariños, en particular mediante a recollida de residuos. Finalmente, os obxectivos socioeconómicos están maioritariamente relacionados coa mellora dos ingresos e o mantemento ou creación de emprego.

Os plans de xestión conteñen as medidas reguladoras da actividade marisqueira, ben que o exercicio da actividade está condicionado á posesión dun permiso de explotación para o marisqueo a pé ou da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación, de acordo co establecido no artigo 39 da Lei 11/2008, do 3 de decembro.

Os plans de xestión son o resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e do hábitat. Moitos dos traballos realizados para a elaboración e desenvolvemento dos plans de xestión achegan información estandarizada que pode ser encadrada nos descriptores 1, 2, 3, 6 e 10 definidos pola Directiva marco sobre a estratexia mariña (DMEM) como criterios para definir o bo estado ambiental.

As entidades do sector, titulares dos plans de xestión, realizan de forma coordinada e continua no tempo a recollida de información estandarizada, e en coordinación co persoal técnico da consellería lévase a cabo a monitorización e mantemento do bo estado dos recursos marisqueiros e do ecosistema ao longo do litoral e zona marítima de Galicia. Isto permite que as áreas xestionadas mediante os plans de xestión conformen unha rede planificada de zonas naturais, deseñada e xestionada para proporcionar un amplo abano de servizos ecosistémicos e protexer a biodiversidade, o que atende ao concepto de infraestrutura verde (azul no medio acuático).

No caso do percebe, a explotación realiza no marco de plans de xestión dentro dun ámbito territorial e coa posibilidade, establecida no artigo 13.2 do Decreto 153/2019, do



21 de novembro, de que os plans poidan reservar zonas de extracción para a semente de mexillón. Esta medida reguladora da actividade marisqueira ten por obxecto a protección e conservación do percebe en zonas concretas do ámbito do plan, ante a realidade da coexistencia de percebe e semente de mexillón nos bancos naturais. Isto suporá que dentro do plan de xestión pode haber zonas nas cales se poderá extraer percebe e semente de mexillón (zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón), e outras zonas nas cales só se podrá extraer percebe (zonas de explotación exclusiva de percebe).

Nas zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón a explotación da mexilla realizarase segundo o establecido na Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais.

Os plans manteñen o enfoque baseado na coxestión e gobernanza dos recursos, coa participación do sector produtor do marisqueo na súa elaboración e na asunción de responsabilidades na xestión sustentable dos recursos.

As entidades asociativas presentan a súa proposta de plans de xestión, na cal adquieren importancia non só as medidas técnicas para unha explotación sustentable, senón tamén as actividades de semicultivo, control e vixilancia, elementos fundamentais para a mellora das zonas produtivas. A Administración avalía o réxime de conservación e explotación dos recursos tendo en conta as variables biolóxicas e a saúde dos stocks, as variables ecológicas e socioeconómicas da xestión, o plan de extracción, as medidas de conservación e protección do recurso, as accións de mellora dos hábitats e zonas de producción, e as accións de coidado, control, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, e, se procede introduce as melloras necesarias, co fin de asegurar unha explotación sustentable tendo en conta aspectos ambientais e acadar unha maior rendibilidade económica e a creación de emprego.

Os plans de xestión de recursos específicos poden incluír a realización de actividades de turismo mariñeiro por parte das persoas mariscadoras en apoio do uso sustentable dos recursos, de acordo co recollido nos artigos 112 e 113 da Lei 11/2008, do 3 de decembro.

As entidades asociativas do sector, no ámbito dos plans de xestión de poliquetos na modalidade a pé, poden reservar zonas nas cales as persoas titulares de licenzas de pesca marítima de recreo en superficie poidan capturar ata 50 poliquetos ao día, sempre que non interfirian coa actividade marisqueira. As entidades asociativas titulares de plans de xestión poderán levar a cabo o control destas actuacións no marco das operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies que están a realizar.



Polo tanto, examinadas as propostas de plans de xestión remitidos polas entidades asociativas do sector, vistos os informes emitidos polo persoal técnico desta consellería e as propostas das xefaturas territoriais, e de conformidade co disposto no Decreto 153/2019, do 21 de novembro,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1. *Obxecto***

Esta orde ten por obxecto aprobar os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024.

**Artigo 2. *Percebe (Pollicipes pollicipes)***

Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A.

Os plans de xestión de percebe, que inclúen zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe e as súas coordenadas xeográficas das mesmas, relaciónnase no cadro B.

Na páxina web:

[https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla\\_zonasexclusivaspercebe](https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe) están publicados os mapas das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón e das zonas de explotación exclusiva de percebe no ámbito territorial dos plans de xestión.

**Artigo 3. *Solénidos (navalla/longueirón/longueirón vello)***

1. Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de solénidos, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro C.

2. Cando a extracción da navalla/longueirón/longueirón vello se vaia realizar con mergullo con subministro de aire desde superficie, será necesario que as entidades titulares dos plans presenten con cada solicitude de apertura para un período determinado, un plan de control que permita avaliar os medios e medidas empregadas para garantir o control do esforzo pesqueiro en cada momento e poñerlle límite, de ser o caso.



A autorización de apertura para un período determinado queda supeditada á adecuación e efectividade das medidas de control propostas.

#### Artigo 4. *Equinodermos*

Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de equinodermos, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadre D.

#### Artigo 5. *Peneira*

Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de peneira, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadre E.

#### Artigo 6. *Algas*

Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de algas, presentados polas entidades asociativas do sector e empresas, que se relacionan no cadre F.

#### Artigo 7. *Anemones*

Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de anemones, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadre G.

#### Artigo 8. *Poliquetos*

Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable de poliquetos, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadre H.

Disposición adicional primeira. *Zonas de traballo dos sectores de a pé e desde embarcación*

Se non existe acordo de repartición da zona de traballo entre os sectores de marisqueo a pé e desde embarcación, as zonas dos dous sectores quedarán delimitadas pola liña que une os puntos de cota mareal cero, correspondente coa liña da baixamar máxima escorada.



Disposición adicional segunda. *Tope de captura para o gabián (Lumbrineris impatiens=Scolotema laurentiana)*

Cando os topes de captura para o gabián (*Lumbrineris impatiens=Scolotema laurentiana*) se establezan mediante unha medida volumétrica empregando un vaso graduado, as persoas participantes do plan empregarán o mesmo tipo de medida.

Disposición adicional terceira. *O emprego do mergullo nos plans de xestión*

A aprobación dos plans con arte ou modalidade de mergullo implica a autorización para realizar o mergullo nas zonas e períodos de vixencia daqueles, segundo as resolucións de apertura que sexan ditadas pola xefatura territorial, conforme o establecido na Orde do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001, e sen prexuízo do cumprimento do Real decreto 550/2020, do 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo.

Disposición adicional cuarta. *Zonas de extracción de poliquetos por titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie*

Dentro do ámbito dos plans de xestión de poliquetos a pé poden incluirse zonas para que as persoas titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie poidan capturar un máximo de 50 poliquetos/día, sen interferir coa actividade extractiva.

Na páxina web <https://www.pescadegalicia.gal/gl/poliquetos> publicaranse as zonas que as entidades asociativas do sector titulares de plans de xestión, de ser o caso, reservarán para a extracción de poliquetos para pesca marítima de recreo en superficie.

Disposición adicional quinta. *Actividades de semicultivo e control dos bancos marisqueiros*

De acordo co artigo 20 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas:

1. Os rareos e traslados de semente, as sementeiras, así como outras actividades de semicultivo necesarias para a mellora de producción ou de recuperación de zonas poderán levarse a cabo durante todos os días do ano e requirirán de autorización da xefatura territorial correspondente.



2. Os traballos de limpeza dos bancos marisqueiros realizados polas persoas mariscadoras poderán levarse a cabo durante todos os días do ano e requirirán de comunicación previa á xefatura territorial correspondente e á Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia.

3. Os traballos ou actividades de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros, realizados polas persoas mariscadoras, poderán desenvolverse todos os días do ano.

4. As actividades de turismo mariñeiro realizadas polas persoas mariscadoras son complementarias e compatibles co exercicio do marisqueo e poderán desenvolverse todos os días do ano.

Disposición adicional sexta. *Permisos de explotación*

Segundo o disposto no artigo 5.1 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, a extracción de recursos marisqueiros en zonas suxeitas a plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo só poderá ser exercida polas persoas e embarcacións que estean en posesión da preceptiva habilitación, e non serán recoñecidas como válidas aquelas autorizacións emitidas polas propias entidades.

Disposición adicional séptima. *Plans de xestión de recursos específicos e algas para o trienio 2025-2028*

As persoas interesadas en desenvolver un plan de xestión de recursos específicos e algas para 2025-2028 deberán achegar coa solicitude, un plan de xestión para ese trienio, para o cal se empregará o modelo que se pode consultar na páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl/content/plans-de-xestion-e-biodiversidade>).

Disposición derradeira primeira. *Consulta dos plans de xestión*

Os plans de xestión presentados polas entidades que serviron de base para esta orde estarán dispoñibles nos servizos centrais, xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Mar, así como na sede das entidades responsables destes.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de marisqueo para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da conservación e xestión dos



recursos marisqueiros, e na procura dunha explotación sustentable, adopte as medidas de xestión necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polo persoal técnico.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Conselleira do Mar





**CADRO A: PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)  
PROVINCIA DE LUGO**

Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade	Zona de traballo	Días probables de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A. M. San Cosme	A pé	De punta Promontorio a punta Nois	10	Marzo, abril, xullo, agosto e decembro	Promontorio e Rapadoira
C.P. Burela	Embarc.	De punta Rueta a punta Nois e illotes Cuchiñeiras	50	De maio a decembro	Aparcadoiro de cabo Burela, aparcadoiro da praia de Ril, aparcadoiro da praia de Marosa, punta do Castro e lonxa de Burela
C.P. Celeiro	Embarc.	Da Ermida de San Tirso a punta Cabalo, incluíndo os illotes Os Netos e illa Gabeira	70	De xuño a setembro	Lonxa de Celeiro e peirao de Portocelo
C.P. O Vicedo	Embarc.	Desde a marxe esquerda do río Escourido á marxe dereita do río Sor, illa Coelleira e As Laxes	90	Marzo, abril, de xuño a outubro e decembro	Centro de venda do Vicedo
C.P. Ribadeo	A pé	De punta Promontorio ás Carrallas	60	De abril a decembro	Punta Corbeira, A Insua, Os Galliños e O Cerredo
C.P. San Cibrao	A pé Embarc.	De Ermida de San Tirso a punta Rueta (incluíndo as illas de Cal, Ansarón e Farallóns)	100	De febreiro a abril e de xuño a decembro	Portos de Morás e Portocelo e confraría San Cibrao

**PROVINCIA DA CORUÑA**

Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade	Zona de traballo	Días probables de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña, Mera, Lorbé e Sada e Ares (plan conxunto)	A pé Embarc.	De praia de Sabón a praia de Bastiagueiro (agás dique porto exterior punta Langosteira); de punta Canide ata A Marola; de porto-cala de Dexo ata punta San Mamede; de San Amede ata a marxe esquerda do río Mandeo, tendo como límite a ponte do Pedrido, e de praia Almieiras a punta Segañó	144	De xaneiro a decembro	Porto de Suevos, dársena de Oza, Casa dos Peixes, San Amaro, aparcamento Torre, Centro Reto, rampla de Mera e embarcación de vixilancia
C.P. A Coruña e Caión (plan conxunto)	A pé Embarc.	Zona intermareal da cara exterior do dique do porto exterior de Punta Langosteira	60	Marzo e de xuño a decembro	Embarcación de vixilancia na zona de traballo e porto de Suevos
C.P. Aguiño	Embarc.	Desde punta Castro ata a desembocadura do río Sieira, illas e illotes adxacentes	180	De xaneiro a decembro	Lanchas de vixilancia e zonas de traballo, peirao de Aguiño (rampla anexa á lonxa), Corrubedo, Couso, Balieiros e Furnas
C.P. Caión	A pé Embarc.	De punta Alba a Pedra do Sal	145	De xaneiro a decembro	Pedra do Sal, praia de Arnela, A Piolla, campo de fútbol, A Torre, A Chataterría, Valcobo e A Guieira



**DOG**

**Diario Oficial de Galicia**

DOG Núm. 251

Venres, 31 de decembro de 2021

Páx. 65810

Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade	Zona de traballo	Días probables de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Camariñas	Embarc.	De punta Gallada a punta Villueira, incluídos illas e illotes	125	De xaneiro a decembro	Arnela e lonxa de Camariñas
C.P. Camelle	Embarc.	De punta Morelo a punta Gallada, incluíndo illas e illotes fronte á costa	150	De xaneiro a decembro	Porto de Ríos, cemiterio dos ingleses, canle de Cabanas, praia de Lobeiras, porto de Camelle e Arnado
C.P. Cariño A.P. Cariño (plan conxunto)	Embarc.	De Pedra Barcelona ata a desembocadura do río Mera	150	De xaneiro a decembro	Local da lonxa de Cariño
C.P. Cedeira	Embarc.	Do faro da punta da Frouxeira ata Pedra Barcelona	200	De xaneiro a decembro	Lonxa de Cedeira
C.P. Corme	A pé Embarc.	Da enseada do río Anllóns á punta Nariga, incluídos illas e illotes fronte á costa	160	De xaneiro a decembro	A pé: zona A: camiño do Canteiro, praia de Balarés e praia da Ermida, zona B: merendeiro e cruzamento da Atalaia; zona C: aldea do Roncudo e mirador do Roncudo; zona D: aldea do Roncudo, Os Elos e A Fontenla; zona E: Santa Mariña, punta Nariga e praia da Barda. Desde embarcación: porto de Corme e praia de Barda
C.P. Espasante	Embarc.	De illa San Vicente ata punta Villardeira	160	De xaneiro a abril e de xuño a decembro	Porto de Espasante, O Tallo, Cadaval e Furnas
C.P. Ferrol	A pé Embarc.	De faro de punta Frouxeira ata punta San Carlos e illotes adxacentes	173	De xaneiro a decembro	Punta Penencia, punta dos Castros, A Cova e Praia dos Botes (Pareixal) e lonxa de Ferrol
C.P. Fisterra	A pé Embarc.	Da praia de Nemiña ata cabo Fisterra e illotes adxacentes, illas Lobeiras, Carrumeiros e Os Bois	A pé: 160 Emb.: 180	De xaneiro a decembro	A pé: zona A: Faro Fisterra; zona B: Alto da Nave; zona C: praia da Arnela. Embarcación: pantalán do peirao de Fisterra
C.P. Laxe	A pé Embarc.	De punta Morelo a praia das Vacas	90	De xaneiro a abril, de xullo a outubro e decembro	Zonas de traballo. Rampa do porto de Laxe e lonxa de Laxe
C.P. Lira	A pé	De punta Insua ata a desembocadura do río Larada	32	De xaneiro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Lira	Embarc.	De punta Insua ata a desembocadura do río Larada	78	De xaneiro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Malpica	A pé Embarc.	De punta Nariga a Pedra do Sal, incluíndo illas Sisargas, baixos de Baldaio e demais illas e illotes fronte á costa en tres millas	157	De xaneiro a decembro	Lancha de vixilancia, porto de Barizo e lonxa de Malpica
C.P. Muros	A pé	De punta Insua a punta Uhía	50	De xaneiro a decembro	Peirao e lonxa de Muros
C.P. Muxía	A pé Embarc.	De punta Piaduiro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes)	155	De xaneiro a decembro	A pé: Zona A: saída da pista de Moreira, zona B: campo de Carlos, zona C: A Barca, Langosteira, explanada da cetaria de Merexo. Desde embarcación: pantalán amarre lanchas terceira lista no porto de Muxía. Todos: lonxa de Muxía



Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade	Zona de traballo	Días probables de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. O Barqueiro-Bares	Embarc.	De punta Villardeira a punta da Barra	144	Xaneiro e de marzo a decembro	Peirao do Barqueiro e O Ventoero
C.P. O Pindo	A pé	Da desembocadura do río Xallas á desembocadura do río Larada e pedras adxacentes	40	De xaneiro a decembro	Porto de Quilmas, Insuela e punta Caldebarcos
C.P. Porto do Son	A pé Embarc.	De río Sieira a punta Cabeiro, illa Filgueira, illotes Os Bruios, Leixoes e Pedra do Con	140	De xaneiro a decembro	A pé: zonas 1 e 2: furna de Laxe, Zona 3: punta Castro, zona 4: punta Sagrada. Desde embarcación: porto pesqueiro de Porto do Son para todas as zonas
C.P. Ribeira	Embarc.	De punta Aguiúncho-Airó Grande ata punta Castro, Pedras Carbancelos, As Pías de Castiñeiras, illas e illotes Laxas, Airós, Lobeiras grandes e pequena, illote de Rúa, illotes Corveiro e Xidoiro Pedregoso	30	De xaneiro a decembro	Lonxa de Ribeira

#### PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade	Zona de traballo	Días probables de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	150	De xaneiro a decembro	Zona A: Capela de San Sebastián, Horizonte (en caso de mal tempo) e lonxa da Guarda. Zona B e zona C: Horizonte e lonxa da Guarda.
C.P. A Guarda	Embarc.	De punta Orelludas a punta dos Picos	100	De xaneiro a decembro	Peirao do porto de Oia e peirao da Guarda: zonas A e B. Peirao do porto da Guarda: zonas A, B, C e D
C.P. Aldán-Hío	A pé	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	35	De xaneiro a decembro	Lonxa de Aldán, punta Couso e Menduíña
C.P. Baiona	A pé	De punta Orelludas a punta do Boi	150	De xaneiro a decembro	Lonxa de Baiona, Salgueiras, Pedra Rubia, rotonda Cabo Silleiro
C.P. Baiona	Embarc.	De punta Orelludas a Monteferro (punta Lameda) incluído Lourido	150	De xaneiro a decembro	Embarcación de vixilancia e lonxa de Baiona
C.P. Bueu	Embarc.	De punta Lapamán a punta Morcegos. Illas Ons e Onza	160	De xaneiro a decembro	Área 1 (Xubenco): Centulo, Cova de Vella, Xubenco e enseada Bastián do Val. Área 2 (Fedorentos): Freitosa, Cova do Inferno e enseada Fedorentos. Área 3 (Onza): norte de Onza (con vento sur); oeste de Onza (con vento este); sur de Onza (con vento norte); e leste de Onza (con vento oeste). Área 4 (Liñeiros). Liñeiros N: Estripeiral; Liñeiros C: Estripeiral, Lapeiras e Liñeiros praia; Liñeiros S: Liñeiros praia e enseada de Canivelilñas. Área 5 (leste de Ons): enseada Fedorentos, praia Coliño, porto de Ons e praia de Melide. Área 6 (Udra): Cabo Udra, Ancoradoiro Robaleira e Lagos.



Entidade <sup>(1)</sup>	Modalidade	Zona de traballo	Días probables de extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Cangas	Embarc.	De punta Couso a punta Canaval e illas Cíes	150	De xaneiro a decembro	Zona de traballo (Cíes, Costa da Vela) e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	A pé. Embarc.	De punta Area Grande a punta Faxilda e illotes adxacentes	80	De febreiro a agosto, outubro e decembro	Con Negro, A Batería, punta Faxilda, embarcación de vixilancia e lonxa do Grove
C.P. Vigo	A pé	De puntal da Serra a punta Cubilló	40	De xaneiro a decembro	Zona de traballo (illa de Toralla, cabo Estai e Monteferro) e lonxas de Canido e Vigo

(1) Entidade:

Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadores/as
A.P	Asociación de percebeiros/as
C.P.	Confraría de pescadores/as

**CADRO B: ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMEDE DE MEXILLÓN-ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE**  
**PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)**

**PROVINCIA DA CORUÑA**

ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMEDE DE MEXILLÓN (ZEM)				ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)				Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
C.P. A Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares	A pé Embarc.	Punta Segaña a praia de Amieiras	555600	4811470	Punta Torrella a punta Bufadoiro	556147	4806066	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros.  O dique do porto exterior de punta Langosteira non está incluído no ámbito deste plan.  ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros.
			565827	4808252		552453	4803143	
		Ponte do Pedrido a punta Torrella	563998	4797483	Punta Adurmideiras ás Amorosas	549073	4803372	
			556147	4806066		547920	4803060	
		Punta Bufadoiro a praia de Bastiagueiro	552453	4803143	Roadá a punta Mexillosa	546852	4802881	
			551864	4798972		546535	4802968	
		Dique de Abrigo a punta As Adormideiras	550690	4801514	Zambela	545788	4803256	
			549073	4803372		545580	4803314	
		As Amorosas a Zambela (E), excluíndo a ZEP da Roadá-punta Mexillosa	547920	4803060		545131	4803711	
			545788	4803256	Illa de San Pedro	544299	4802643	
		Zambela (O) a praia de Sabón, excluíndo a illa de San Pedro, O Faroleiro Pequeno, O Faroleiro e a illa da Gaianda	545580	4803314	Faroleiro Pequeno	544118	4802729	
			540168	4797645		544112	4802727	
					Faroleiro	544140	4802717	
						544129	4802713	
					Illa da Gaianda	542656	4800697	
						542561	4800499	



**DOG**

**Diario Oficial de Galicia**

DOG Núm. 251

Venres, 31 de decembro de 2021

Páx. 65813

		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
C.P. Aguiño	Embarc.	Furna-I a Corrubedo-O Francés-II, agás a ZEP das Basoñas	496848	4721376	As Basoñas, illas e illotes	491637	4720540	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
			492740	4713955		491672	4720225	
		Corrubedo-Paxariñas, agás as ZEP das Amarguras e As Paxariñas	492671	4713404		492803	4720365	
			493185	4712927		492713	4720708	
		Corrubedo-Praxeo a punta Castro, agás Pedras do Río, As Concheiras, As Queixadas, Torán e Pragueiros	493561	4712861		492698	4713960	
			500360	4708540	As Amarguras, inclúe o tramo de costa, as illas e illotes	492605	4714144	
		O Carreiro, illas e illotes delimitados por este polígono	499050	4707079		492111	4713809	
			499394	4706337		492417	4713383	
			499798	4706532		492632	4713788	
			499415	4707299		492532	4713788	
		Illa de Sálvora: cara leste entre punta Besugueiros e punta Lago	498748	4703697	As Paxariñas, inclúe o tramo de costa, as illas e illotes	492576	4713927	
			499255	4701277		493176	4712910	
						493092	4712690	
						493417	4712582	
						493449	4712800	
					Pedras do Río, illas e illotes	496574	4712148	
						496525	4712038	
						496669	4711965	
						496716	4712112	
					As Concheiras, illas e illotes	496568	4708782	
						496659	4708907	
						496494	4709268	
						495848	4709428	
						495779	4709260	
					As Queixadas, illas e illotes	495950	4707258	
						496042	4707489	
						496236	4707437	
						496117	4707196	
					Torán, illas e illotes	496517	4706959	
						496541	4706792	
						496748	4706808	
						496721	4706985	



		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observación
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
C.P. Caión	A pé Embarc.	De punta Alba a Pedra do Sal, excluídas as ZEP de Porto de Caión - praia de Salseiras e de Portiño de Leira- A Pedra de Sal	539477	4797234	Porto de Caión a praia de Salseiras	493302	4707419	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros  ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
			527763	4794603		493500	4707034	
						493673	4707083	
						493570	4707518	
						494556	4707077	
		Portiño de Leira A Pedra do Sal			Portiño de Leira A Pedra do Sal	499318	4698552	
						501334	4705695	
						532259	4796460	
						531778	4796450	
						528849	4795074	
C.P. Corme	A pé Embarc.	De punta Nariga a punta Balarés, excluíndo a ZEP de Baixos da Rúa a Punta Carral	507215	4796449	Baixos da Rúa a Punta Carral	527763	4794603	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros  ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
			504926	4786966		501209	4791739	
						502594	4789891	
		A pé Embarc.	503968	4786192	Punta Padrón	503855	4786400	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros  ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
			503855	4786400		503737	4786264	
			503737	4786264	Mundiña a Remol	502800	4786177	
			502800	4786177		502677	4786030	
			502585	4785785	Pta. Cabalo	501668	4786224	
C.P. Laxe	A pé Embarc.	Catuxa a Preguntoiro de Filigueiras	501792	4786075		501513	4786200	
			501513	4786200	Niño Daija a Rubia	501342	4785980	
		Serva a Beizana	501342	4785980		501128	4785955	
			501128	4785955	Terra da Olga a Furna da Espuma, incluíndo Crucíña, Paraguas, Boi, Mexos, Carreiro Bo e pedras cercadas	499400	4786600	
		Seixiño a Paso (N)	499400	4786600		498949	4786118	
			498949	4786118				
		Baleeira a Pichón da Gaviota	499213	4785774		499000	4785727	
						498840	4785550	





		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións	
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y		
C.P. Muros	A pé	Punta Insua a punta Uña, excluíndo a ZEP de Casarica	489668	4735402	Casarica	492645	4732181	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros	
			502763	4736604		492705	4731843	ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros	
C.P. Muxía	A pé, Embarc.	Merexo ao Carreiro	486253	4772387	O Carreiro a punta de Lourido (E)	482460	4772843	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros  ZEP: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros	
			482460	4772843		481978	4770955		
		Praia Lourido (O) a Laxas Mouras	481597	4770554	Laxas Mouras a Ghato Pelado	480024	4770581		
			480024	4770581		479568	4770969		
		Ghato Pelado ao Cercado (E)	479568	4770969	O Cercado	479164	4771018		
			479164	4771018		479122	4770974		
		O Cercado (O) aos Bloques	479122	4770974	Os Bloques a Ollomoleira	479047	4770835		
			479047	4770835		479181	4770559		
		Ollomoleira a Sambadas	479181	4770559	As Sambadas ás Pías	479294	4770351		
			479294	4770351		479397	4769918		
		As Pías á Medina	479397	4769918	A Medina ás Campanas	479349	4768371		
			479349	4768371		479329	4768160		
		Punta Matemao a praia Moreira (E)	479331	4768154	Praia Moreira (O) a Percebeira	478562	4766249		
			478683	4766237		478028	4766095		
		Percebeira a Pedra de Redes (excluída)	478028	4766095	Pedra das Redes (incluída) a Sualba	476538	4766475		
			476538	4766475		475624	4767084		
		Sualba ao Herboso	475624	4767084	O Herboso a Rampla de Touriñán	475646	4766405		
			475646	4766405		476535	4765770		
		Rampla de Touriñán a praia de Nemiña	476535	4765770					
			478025	4762117					

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
C.P. A Guarda	A pé	De Pedra do Porto (excluída) á Rachada (excluída)	509274	4652540	De Puntal Orelludas a Pedra do Porto (incluída)	509132	4652706	
			509341	4652408		509270	4652547	



		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
		Da Laxe (excluída) a Condomínguez (excluído)	509361	4651351	Da Rachada (incluída) á Laxe (incluída)	509337	4652404	
			509583	4650737		509357	4651361	
		De Pedra Chelino (excluída) a Eiriñas (excluída)	509626	4650492	De Puntal Domínguez (incluída) a Pedra Chelino (incluída)	509585	4650737	
			509527	4649229		509624	4650518	
		Molla Cu (excluída) a Pedra do Perello (incluída)	509469	4648625	De Eiriñas (incluída) a Molla Cu (incluída)	509528	4649229	
			509246	4647044		509478	4648629	
		De Salto da Cabra (incluído) a Pedra do Juan (incluída)	509266	4646798	De Pedra do Perello (excluída) a Salto da Cabra (excluída)	509234	4647037	
			509367	4646167		509222	4646825	
		De Porto do Costado (excluído) a Portocelo S. (excluído)	509345	4645907	De Pedra do Juan (excluída) ao Porto Costado (excluída)	509380	4646174	
			509458	4644495		509331	4645922	
		Leiriñas (excluída) a Portiño do Carruallo (excluído)	509372	4644304	De Portocelo S. (incluída) a Leiriñas (incluída)	509449	4644495	ZEM: son as pedras e illotes situados na zona marítima de cada tramo  ZEP: son as pedras e illotes situados na zona marítima de cada tramo
			509819	4637580		509366	4644310	
					De Portiño Carruallo (incluída) a punta dos Picos	509819	4637584	
						510407	4635378	
	C.P. A Guarda	Dos Saltiños a Homiño	509522	4649005	Punta Orelluda aos Saltiños	509135	4652679	ZEM: son as pedras e illotes situados na zona marítima de cada tramo  ZEP: son as pedras e illotes situados na zona marítima de cada tramo
			509326	4648036		509522	4649005	
		Da Vela a Fontequentе	509465	4645806	De Homiño á Vela	509326	4648036	
			509772	4636979		509465	4645806	
					Fontequentе (proximidade da depuradora) a punta dos Picos	509722	4636979	
						510274	4635376	





		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
C.P. Baiona	Embarc.	Monteferro sur	512368	4666793	Monteferro	512467	4667198	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
			513997	4666254		512365	4666801	
		Lourido por terra	514632	4663731	Illote Serralleiras e pedras limítrofes	510317	4666158	
			514712	4663248	Estela de Mar e pedras limítrofes	511178	4666081	
		Dos Cunchales (S) a punta Castro sur (S)	508627	4660961	Estela de Terra e pedras limítrofes	511933	4666069	
			508772	4659729	Longueirón e pedras limítrofes	510874	4665995	
		De Pedra dos Homes (S) a praia de Barcelos	508644	4658077	Lourido (Puntal)	514103	4663493	
			509008	4656675	Rapacarallos	511358	4663320	
				Bombardeira	510889	4662988		
				Aguieira e pedras limítrofes	507946	4662910		
					507874	4662851		
					507994	4662799		
				Parexa	508116	4662311		
				Rego	508074	4662235		
				As Pulgas	508193	4661864		
				Negra de Medio	508191	4661386		
				Negra de Fóra	508073	4661372		
				Nai de Medio	508539	4659256		
				Nai de Fóra	508370	4659243		
				Can Cagado e baixos	508706	4656393		
				Vidros	509103	4654861		
					508919	4654647		
					509011	4654475		
				Orelludas	509072	4652784		



		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMEDE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
C.P. Baiona	A pé	Doca Cetaría	512318	4664010	Doca Cetaría (O) a Praia de Frades (S)	512322	4664004	
			513005	4663622		512180	4663637	
		De praia de Frades (S) a Terra Rapacarallos (N)	512180	4663637	Terra Rapacarallos	511505	4663271	
			511501	4663272		511291	4663129	
		De Terra Rapacarallos (S) a Salgueiras (N)	511291	4663129	Salgueiras	511099	4662939	
			511099	4662939		510998	4662782	
		De Salgueiras (S) a Puntal de Balea (E)	510998	4662782	Puntal de Balea	510835	4662593	
			510825	4662593		510790	4662582	
		De Puntal de Balea (O) a Terra das Xangadas (E)	510790	4662582	Terra das Xangadas	510451	4662588	
			510451	4662588		510343	4662496	
		De Terra das Xangadas (O) a Padarnela (N)	510343	4662496	Xangadas	510300	4662614	
			510319	4662392		510319	4662392	
		De Padarnela (S) a Arquiña (E)	510097	4662160	Padarnela	510098	4662160	
			509586	4662311		509586	4662311	
		De Baleal (O) ao Peso (E)	508987	4662323	Baleal	509253	4662364	
			508775	4662297		508987	4662323	
		Do Peso (O) a emb. Carral	508596	4662378	O Peso	508775	4662297	
			508319	4662319		508596	4662378	
		De Terra das Pulgas aos Cochos (N)	508312	4661845	Emb. Carral a Terra das Pulgas	508319	4662319	
			508364	4661496		508312	4661845	
		De Barco da Negra (S) aos Cunchales (N)	508339	4661210	Pedras dos Choscos	508140	4662128	
			508452	4661100	Carral	508260	4662590	



**DOG**

**Diario Oficial de Galicia**

DOG Núm. 251

Venres, 31 de decembro de 2021

Páx. 65819

		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMEDE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			Observacións
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	
		Barxas	508778	4659724	Aguieiras e pedras limítrofes	507946	4662910	
			508770	4659315		507874	4662851	
		De Roidosos (N) a Punta Centinela (N)	508951	4658927		507994	4662799	
			508601	4658457	Pedras dos Rañacús-I	508182	4662046	
		De Pta. Barcelos (N) a Emb. Can Cagado	509008	4656675	Pedras dos Rañacús-II	508184	4662011	
			508924	4656406	Veigas	508125	4661992	
		De Porto Auga Quente (N) a Tui Verde (S)	508995	4656195	Os Cochos (N) a Barco da Negra (S)	508364	4661496	
			509157	4655687		508339	4661210	
		De Porto Mougás (N) a Puntal Canido (N)	509125	4655440	Os Cunchales	508452	4661100	
			509340	4654475		508568	4660928	
		De Puntal Canido (S) á Figueira (N)	509468	4654363	Puntal das Naís (S) a Roidosos (N)	508696	4659214	
			509502	4653341		508951	4658927	
		De A Figueira (S) a Porto dos Barcos (S)	509492	4653206	Puntal das Naís	508689	4659301	
			509328	4652847		508625	4659227	
					Pta. Centinela (N) a Porto da Candea	508601	4658456	
						508577	4658042	
					Emb. Can Cagado a Porto Auga Quente (N)	508929	4656406	
						508995	4656195	
					Pedras de Pita Tren	508971	4656114	
					Aguncheiros	509082	4655654	
						509070	4655510	
					Puntal Canido	509340	4654475	
						509468	4654363	
					A Figueira Á dos Demos	509453	4653333	
						509432	4653205	
					Porto dos Barcos (S) a Puntal de Orelludas	509328	4652848	
						509133	4652707	



		ZONAS DE RESERVA EXTRACCIÓN SEMENTE DE MEXILLÓN (ZEM)			ZONAS EXPLOTACIÓN EXCLUSIVA DE PERCEBE (ZEP)			
Entidade (1)	Modalidade	Zona	X	Y	Zona	X	Y	Observacións
C.P. Bueu	Embarc.	De Punta Lapamán a punta Morcegos, excluíndo as ZEP do Carreiro de Lombo da Besta ata o Con do Barcelo e de Salamín ata a Laxe da Loba	520116	4688617	Carreiro de Lombo da Besta ata O Con do Barcelo	513341	4687558	ZEM: inclúense as illas, illotes e pedras cercadas fronte aos tramos costeiros
			514595	4683400		513195	4687453	
		Arquipélago de Ons: cara ao leste da illa de Ons de punta Centolo a punta de Fedorentos	506474	4694148		513410	4687184	
			505004	4689245		513463	4687269	
		Salamín ata a Laxe da Loba				513384	4687412	
						513429	4687531	
						514269	4686006	
